

CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, O CONCELLO DE LUGO, A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E A ASOCIACIÓN SOCIEDADE PROTECTORA DE ANIMAIS E PLANTAS DE LUGO PARA A CONCESIÓN DIRECTA DUNHA SUBVENCIÓN, INSTRUMENTADA A TRAVÉS DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN, DESTINADA AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE LEGALIZACIÓN, REFORMA E AMPLIACIÓN DUN CENTRO DE RECOLLIDA E ALBERGUE PARA ANIMAIS DOMESTICOS SITO NO LUGAR DE CODESIDO-PARROQUIA DE MUXA.

En Lugo, a 29 de xullo de 2026.

Miguel Ángel Fernández Méndez, Deputado Delegado da Área de Formación, Ensino, e Economía do Coñecemento da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P27000001 e sede social na rúa San Marcos 8. 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

Maria Elena Candia López alcaldesa-presidenta do Concello de Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 124.4. a) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

Ángeles Vázquez Mejuto, en nome e representación da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, don Juan Alberto Losada Díaz, con DNI xxx382xxE, na súa calidade de representante legal de SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO con CIF G27020460, conforme ao acordo adoptado pola asemblea xeral da Asociación en data 11 de setembro de 2025 e resolución de inscrición da xunta directiva adoptada pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en data 29 de abril de 2026.

As partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente acordo de cooperación,

EXPOÑEN:

Primeiro.- As deputacións provinciais, de acordo co disposto nos artigos 31 e 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, teñen como finalidade garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais e asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal no conxunto do territorio provincial. Neste ámbito, corresponde ás deputacións a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, podendo colaborar no financiamento e desenvolvemento de infraestruturas e servizos vinculados á protección e



benestar animal cando estes contribúan á mellor prestación dos servizos públicos municipais e á consecución de fins de interese público compartido.

Pola súa banda, os concellos teñen atribuídas, de conformidade co artigo 25.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, competencias propias en materia de medio ambiente urbano. Así mesmo, a Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, atribúe ás entidades locais importantes funcións en materia de protección animal, entre as que se inclúen a recollida, aloxamento e coidado dos animais extraviados ou abandonados, a xestión dos centros de protección animal, a promoción da tenza responsable e a colaboración na aplicación das políticas públicas de protección e benestar animal.

Por último, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, conservación do patrimonio natural, biodiversidade e protección dos animais domésticos, conforme ao establecido no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

En particular, a Comunidade Autónoma exerce as competencias de planificación, coordinación, inspección, control e fomento en materia de protección e benestar animal, así como as funcións atribuídas pola Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, e pola restante normativa sectorial aplicable.

Segundo.- A Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo é unha asociación denominada SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO constituída no Concello de Lugo, que se rexe conforme aos estatutos da asociación visados pola Comunidade autónoma de Galicia e que figura inscrita no rexistro Provincial de Asociacións co número 1982/000318, do día 15 de maio de 2018.

Entre os fins da dita asociación, conforme aos ditos estatutos figuran a recollida, dar albergue a animais de compañía abandonados ou decomisados mediante a firma de convenios de colaboración con diferentes administracións, proporcionando alimentos e coidados sanitarios/veterinarios que precisen durante a custodia pola asociación. Así como sostener un centro de acollida baixo a denominación "Albergue de Animales de compañía" así como asumir a xestión integral de outros centros de ámbito Municipal, Provincial ou Autonómico mediante a firma de convenios de colaboración.

Terceiro.- Que a entidade ten previsto executar as obras de legalización, reforma e ampliación no devandito Centro de recollida e albergue para animais domésticos sito no Lugar de Codesido-Parroquia de Muxa-. referencia catastral 27900A096000020000EK, con suxeición aos termos e condicións da licenza urbanística outorgada pola Xunta de Goberno Local municipal en data 15 de outubro de 2025.

A dita parcela figura no inventario Xeral de Bens e dereitos da Deputación Provincial de Lugo inscrito co número 20 e folio 38, sendo obxecto de diferentes cesións de uso a favor da Sociedade protectora de animais e plantas de Lugo conforme os correspondente acordos adoptados en Xunta de Goberno Local da Excma. Deputación Provincial de Lugo, adoptados en sesións de 19 de maio de 1982 e 18 de setembro de 2015.



Consta no expediente autorización adoptada pola Deputación de Lugo, na que se AUTORIZA á Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo a execución das actuacións contempladas no proxecto básico e de ampliación de actividade preexistente para a Sociedade Protectora de Animais e Plantas na parcela con referencia catastral 27900A096000020000EK, unha vez conten coa dispoñibilidade xurídica dos terreos e das instalacións sobre as que se executarán as actuacións obxecto deste convenio.

Ao respecto debe engadirse, en relación cos dereitos de uso idóneos sobre os bens nos que se vai a executar a actuación obxecto do convenio (instalacións), que no expediente consta a cesión de uso gratuíto do inmovible provincial a favor da entidade beneficiaria da subvención.

A execución destas actuacións permitirá dar cumprimento ao establecido na Lei de Benestar Animal (Lei 7/2023) e dispor dunhas instalacións necesarias e axeitadas para protexer a dignidade, dereitos e benestar dos animais domésticos.

Cuarto.- Que existe un interese coincidente entre a Deputación Provincial de Lugo, Concello de Lugo, Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo en dispoñer dun centro de recollida e albergue de animais domésticos que reúna as condicións técnicas, sanitarias e funcionais esixidas pola normativa vixente, garantindo unha adecuada atención, protección e benestar dos animais acollidos, así como a correcta prestación dos servizos de recollida, aloxamento e coidado dos animais abandonados ou extraviados.

As actuacións de legalización, reforma e ampliación das instalacións permitirán adaptar o centro aos requisitos establecidos na normativa de protección e benestar animal, mellorando as condicións de aloxamento, manexo e atención veterinaria dos animais e contribuíndo á consecución dos fins de interese público que comparten as entidades asinantes.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio, con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- OBXECTO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto instrumentar a concesión directa dunha subvención da Deputación de Lugo, Concello de Lugo e Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático a favor da entidade Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo , así como establecer as condicións que rexen a colaboración entre as partes, co fin de financiar as obras de legalización, reforma e ampliación no devandito Centro de recollida e albergue para animais domésticos sito no Lugar de Codesido-Parroquia de Muxa-

A subvención concédese con carácter excepcional e directo, por razóns de interese público, social e ambiental, e materialízase mediante a formalización do presente convenio de colaboración, que regula o destino dos fondos, as obrigas de execución, xustificación, control e publicidade.

A actuación contempla a adecuación, legalización, reforma e ampliación do centro de recollida e albergue. O detalle e desglose das actuacións subvencionables e do orzamento da obra recóllese no Anexo I do presente convenio.



Aínda que a actuación material consiste na execución de obras de legalización, reforma e ampliación das instalacións, a finalidade última da subvención é garantir a existencia dun centro de protección animal adecuado ás esixencias normativas actuais, capaz de prestar en condicións óptimas os servizos de recollida, acollida, mantemento e atención dos animais abandonados ou extraviados. Deste xeito, a actuación contribúe á mellora do benestar animal, á protección da saúde pública e á consecución dos obxectivos de interese público compartidos polas administracións participantes.

Segunda.- COMPROMISOS DAS PARTES

A Deputación Provincial de Lugo comprométese a:

1. Outorgar á entidade beneficiaria da subvención a cesión de uso gratuíto dos terreos e das instalacións a favor da entidade beneficiaria da subvención, de xeito que a Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo sexa titular dos dereitos de uso idóneos para a execución do obxecto da subvención contemplada neste convenio.
2. Efectuar a achega económica prevista na cláusula terceira.
3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes. No obstante as ditas baixas, no suposto das obras, poderán utilizarse para financiar no seu caso ata o 10% do exceso de medicións recollido, de ser o caso , na certificación final ou para financiar modificados.
- 4.- Respetar o destino das instalacións como centro público de protección animal durante o período mínimo de dez (10 anos). A estes efectos, no caso de finalizar antes deste prazo a cesión de uso dos terreos e das instalacións outorgada a favor da entidade beneficiaria da subvención, a Deputación Provincial de Lugo comprométese a garantir a obriga de destino das instalacións afectadas polas obras obxecto da subvención que instrumenta este convenio polo prazo que reste para acadar o prazo previsto de 10 anos.

O Concello de Lugo comprométese a :

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula terceira.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes. No obstante as ditas baixas, no suposto das obras, poderán utilizarse para financiar no seu caso ata o 10% do exceso de medicións recollido, de ser o caso , na certificación final ou para financiar modificados.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático comprométese a :

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula terceira.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes. No obstante as ditas baixas, no suposto das obras, poderán utilizarse para financiar no seu caso ata o 10% do exceso de medicións recollido, de ser o caso , na certificación final ou para financiar modificados.

A Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo comprométese a :

1. Achegar a cantidade restante para o financiamento das actividades obxecto deste convenio e que permitan a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido.



2. Realizar a actividade/proxecto relativo ás obras de legalización, reforma e ampliación dun centro de recollida e albergue de animais domésticos, situado no lugar de Codeside, parroquia de Santa María de Muxa, referencia catastral 27900A096000020000EK, con suxeición aos termos e condicións da licenza urbanística outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 15 de outubro de 2025
3. Dispor dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes.
4. Dispor dos proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación obxecto do convenio.
5. Encargarse da licitación da obra, dirección de obra, dirección de execución, e coordinación de seguridade e saúde das actuacións do presente convenio'.
6. Realizar as tramitacións xurídico administrativas necesarias para a executar o obxecto do convenio con suxeición á normativa vixente.
7. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
8. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo, do concello de Lugo e da Xunta de Galicia aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
9. Difundir a colaboración prestada polas entidades públicas segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
10. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio e someterse ás actuacións de comprobación, control e fiscalización que poidan realizar os órganos asinantes.
11. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de colaboración, o seu obxecto e fin.
12. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen polas entidades asinantes.
13. Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido.
14. Comunicar calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como a obtención concorrente doutras axudas.
15. Dispor dos libros contables, rexistros e demais documentación exixida pola normativa aplicable.
16. Dar cumprimento á obriga da adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do disposto no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
17. Facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
18. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
19. Conservar a documentación xustificativa durante un prazo mínimo de cinco anos desde o pagamento final.
20. Así mesmo, a entidade deberá subministrar ás Administracións toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.
21. Comunicar ante o Excm. Concello de Lugo, Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e Deputación Provincial de Lugo, calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan



- pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
22. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
 23. De conformidade co disposto no art. 31 da Lei Xeral de Subvencións, ao superar o gasto subvencionable a contía de 40.000,00€ (importe máximo do contrato menor de obras) a Entidade Beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación de compromiso para a obra. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. O provedor elixido deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais, tributarias e laborais co Concello de Lugo, Administración Estatal e Autonómica, e non debe estar incurso en prohibición de contratar conforme á normativa xeral de contratación pública.
 24. O ben inmueble obxecto da rehabilitación deberá destinarse durante un período de tempo non inferior a dez (10) anos contados desde a finalización das obras, aos mesmos fins que se utilizan actualmente. A estes efectos, no caso de finalizar antes deste prazo a cesión de uso dos terreos e das instalacións outorgada ao seu favor (que xustifica a súa condición de beneficiaria), a entidade beneficiaria da subvención comprométese á entregar á Deputación Provincial de Lugo os terreos e as instalacións sobre os que se executan as actuacións obxecto deste convenio, para que poida cumprirse coa obriga de destino de ditos bens (como centro de protección animal) establecida neste convenio. O incumprimento da obriga de destino referida no parágrafo anterior, será causa de reintegro, nos termos establecidos no capítulo II do título II da Lei Xeral de Subvencións, constituíndo unha infracción moi grave de acordo coa lei xeral de Subvencións (artigo 58, letra b) .
 25. Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

Terceira.- CONTÍA DA ACHEGA ECONÓMICA

O importe total da subvención concedida no marco do presente convenio ascende a 744.436,09€.

A subvención a outorgar está vinculada á execución da actuación/ proxecto denominado obras de legalización, reforma e ampliación dun centro de recollida e albergue de animais domésticos, situado no lugar de Codeside, parroquia de Santa María de Muxa, referencia catastral 27900A096000020000EK, sen ter en conta os honorarios de profesionais, por importe de 744.436,09€ (IVE incluído), conforme os conceptos que se definen de seguido:



CAPÍTULO	NOMBRE CAPÍTULO	IMPORTE PROYECTO
1	MOVIMIENTO DE TIERRAS	4.007,17 €
2	DEMOLICIONES	5.894,80 €
3	CIMENTACIÓN	33.960,59 €
4	SANEAMIENTO	16.255,09 €
5	ESTRUCTURA	56.269,81 €
6	ALBANILERÍA	126.391,95 €
7	SOLADOS Y ALICATADOS	58.323,79 €
8	CUBIERTAS	18.200,81 €
9	CARPINTERÍA INTERIOR	32.011,32 €
10	CARPINTERÍA EXTERIOR	46.285,65 €
11	PINTURAS Y BARNICES	18.097,54 €
12	URBANIZACIÓN EXTERIOR	11.321,93 €
13	INSTALACIÓN DE FONTANERÍA	8.324,92 €
14	INSTALACIÓN ELÉCTRICA	9.756,98 €
15	INSTALACIONES ESPECIALES	33.620,60 €
16	INSTALACIÓN DE CALEFACCIÓN	22.017,01 €
17	GESTIÓN DE RESIDUOS	8.013,02 €
18	CONTROL DE CALIDAD	2.750,81 €
19	SEGURIDAD Y SALUD	5.501,61 €

Presupuesto de ejecución Material:	517.005,41 €
13% Gastos Generales:	67.210,70 €
6% Beneficio Industrial:	31.020,32 €
TOTAL:	615.236,44 €
21% I.V.A.:	129.199,65 €

PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN DE CONTRATA:	744.436,09 €
--	---------------------

Para acadar este obxectivo compartido as entidades asinantes comprométense a achegar as seguintes contías:

INVESTIMENTO	Achega Concello de Lugo	Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático	Achega Deputación Provincial de Lugo
Mellora instalacións	248.145,37	248.145,36	248.145,36

A achega ten natureza subvencional e concédese de forma directa, sen contrapartida directa por parte da entidade beneficiaria, destinándose a financiar operacións de capital consistentes na financiación das obras de legalización, reforma e ampliación no devandito Centro de recollida e albergue para animais domésticos sito no Lugar de Codesido-Parroquia de Muxa.

A) DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 248.145,36€ con cargo á aplicación orzamentaria 1720.789 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo na anualidade 2026 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio. Poderá realizar un aboamento anticipado de ata o 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 124.072,68€, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude do/a beneficiario/a que obra no expediente.



2.- Achega do Concello:

O Concello de Lugo efectuará unha achega de 248.145,37€ con cargo á aplicación orzamentaria 17000.78900 do Orzamento Xeral do Concello, ano 2026, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio, coa seguinte distribución:

Anualidade 2026: 50% anticipo 124.072,69€

Anualidade 2027: 124.072,68€

3. Achega da Xunta de Galicia:

A Xunta de Galicia efectuará unha achega de 248.145,36 € con cargo á aplicación orzamentaria 06.04.541.B.781.0 do Orzamento Xeral da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático correspondente ás anualidades 2026 e 2027 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio, coa seguinte distribución:

Anualidade 2026: 58.145,36€

Anualidade 2027: 190.000€

O importe total das achegas da deputación, do Concello e da Xunta de Galicia en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En ningún caso se abonarán importes que supoñan un lucro para a entidade.

Todos os gastos externos xustificadas pola entidade deberán ser realizados, facturados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio. Estes gastos deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificadas, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste. A compensación rebaixarase en función dos prezos de mercado no caso de que o importe xustificado sexa superior.

B) XUSTIFICACIÓN DA ACHEGA ECONÓMICA.

O prazo para que dende a Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de outubro de 2027.

A Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo achegará, nos termos previstos na cláusula xesta, a mesma documentación xustificativa, completa, ás tres administracións públicas concedentes da subvención de concesión directa instrumentada neste convenio.

C) DOCUMENTACIÓN PREVIA

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actuacións a desenvolver, a seguinte documentación:



- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo obxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) A dispoñibilidade xurídica dos terreos e das instalacións sobre os que se executarán as actuacións obxecto deste convenio.

D) COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

1. De conformidade co disposto no artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a normativa reguladora das subvencións permite a concorrencia doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, sempre que non se produza dobre financiamento dos mesmos gastos. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, supere o custo total da actuación subvencionada.

2. No caso de percibir outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións.

3. A suma de todas as axudas, ingresos ou recursos destinados ao mesmo fin, en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadas ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, superen o custo total da actuación obxecto da axuda.

Cuarta. GASTOS SUBVENCIONABLES

Os efectos económicos deste convenio retrotráense ao 1 xaneiro de 2026.

- 1. Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles realizados dende o 1 de xaneiro de 2026 que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten necesarios para a execución das actuacións recollidas na cláusula segunda do presente convenio, de acordo co previsto na memoria económica, consonte o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 2. De conformidade co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, considerarase gasto realizado aquel que fose efectivamente pagado con anterioridade á finalización do correspondente período de xustificación establecido para cada exercicio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.
- 3. En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención e, en todo caso, os seguintes: taxas municipais, xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais, os gastos de procedementos xudiciais, licenzas, tributos e impostos indirectos.



O IVE será financiable sempre e cando sexa soportado e non sexa susceptible de recuperación ou compensación por parte da entidade beneficiaria.

4. Ao tratarse de gastos de investimento na rehabilitación e mellora dun ben inventariable, seguiranse as regras previstas nos apartados 4 e 5 do artigo 31 da Lei Xeral de Subvencións. (Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de Subvenciones.
5. O ben inmovible rehabilitado ou mellorado deberá destinarse ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, por un prazo non inferior a dez anos, ao tratarse neste caso dun ben a inscribir nun rexistro público.
6. Na execución da obra ou na adquisición do equipamento estarase ao disposto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar, con carácter previo á contratación do compromiso para a execución da obra, prestación do servizo ou subministración do ben, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado número suficiente de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á sinatura do convenio.

A elección entre as ofertas presentadas deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa, atendendo a criterios de eficiencia e economía, de acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta. SUBCONTRATACIÓN

A Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo ten a condición de entidade beneficiaria directa da subvención obxecto do presente convenio, asumindo a total responsabilidade da execución das actuacións subvencionadas fronte á Administración autonómica.

Non obstante, autorízase expresamente a subcontratación da execución total ou parcial das actuacións subvencionadas, ata unha porcentaxe máxima do 100 % do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, cando resulte necesario para a súa correcta execución, de acordo co previsto na memoria económica. A dita autorización baséase na natureza das actuacións subvencionadas, que requiren a execución material por terceiros especializados.

A subcontratación rexerese polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, incrementando o custo da actuación subvencionada, non acheguen valor engadido ao contido da mesma, nin concertarse a execución total ou parcial das actuacións subvencionadas con persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Os contratistas quedarán obrigados unicamente fronte á entidade beneficiaria, que asumirá en todo caso a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración. A entidade beneficiaria será igualmente responsable de que, na execución das actuacións subcontratadas, se respecten os límites establecidos na normativa aplicable en materia de natureza e contía dos gastos subvencionables.



Así mesmo, a Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo deberá garantir que os subcontratistas colaboren coas actuacións de comprobación e control que poidan realizar os órganos competentes, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexta. XUSTIFICACIÓN, PRAZO E PAGAMENTO

As achegas das administracións asinantes libraranse mediante pagamento, unha vez presentada e validada a xustificación parcial da subvención, tendo en conta a obrigatoriedade de presentar a xustificación de forma diferenciada por anualidades, de acordo cos prazos establecidos no presente convenio.

O prazo para que dende a Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca dende a sinatura ata o 31 de outubro de 2027 do seguinte xeito.

Os gastos deberán realizarse dentro do período de execución do convenio, distribuído por exercicios orzamentarios, comprendendo:

- os gastos imputables ao exercicio 2026, realizados desde o 1 de xaneiro de 2026 ata o 15 de decembro de 2026, e
- os gastos imputables ao exercicio 2027, realizados desde o 16 de decembro de 2026 ata o 31 de outubro de 2027.

Pagamento da subvención. Pago anticipado.

No referente á Deputación de Lugo e ao Concello de Lugo prevese a posibilidade de pagos anticipados de acordo co seguinte:

Da cordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, **prevén un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.**

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Legislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con



esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites.

A xustificación dos gastos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante a presentación da seguinte documentación:

1. A Xustificación técnica.

Deberase achegar unha memoria de actuación xustificativa das actuacións obxecto deste Convenio, incluíndo un informe da Dirección Facultativa das obras sobre o desenvolvemento das mesmas, relacionándoo co proxecto que serviu de base para a firma deste Convenio.

Deberá achegar así mesmo a presentación no rexistro municipal da preceptiva comunicación previa de primeira ocupación e de inicio de actividade, e a posterior comprobación polos Servizos técnicos municipais do cumprimento das condicións da licenza urbanística municipal.

Calquera outra documentación técnica ou documentos xustificativos que resulten esixibles aos efectos de dar cumprimento ao obxecto do convenio e calquera outra documentación acreditativa da xustificación dos termos e condicións da licenza urbanística outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 15 de outubro de 2025.

2. A Xustificación Económica.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

- Memoria de actuación xustificativa, na que se acreditará o cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención e do obxecto do convenio, con indicación das actuacións realizadas, o seu grao de execución, os resultados obtidos e, de ser o caso, as incidencias máis relevantes producidas durante a execución das actuacións subvencionadas

- Memoria económica xustificativa do custo da actuación obxecto deste convenio que conterá:

- Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto. Sendo obrigado identificar as facturas que se imputan a cada unha das Administracións.

- Todos os gastos xustificaranse mediante a presentación de factura normalizada onde deberá apuntarse o nome, domicilio e razón social do perceptor, con indicación do CIF, debendo presentarse a factura selada e asinada pola empresa, acompañada da correspondente certificación de obra.



- Documentación acreditativa do pagamento das ditas facturas. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios: Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.
- Declaración responsable emitida polo/a representante da entidade, na que se faga constar o seguinte:
 - a) O custo total da actuación desenvolta, indicando os importes do financiamento.
 - b) Que a actuación foi realizada na súa totalidade dando cumprimento ás condicións estipuladas neste convenio.
 - c) Que a entidade asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
 - d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de colaboración, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de colaboración.
 - e) Que a entidade non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
 - f) Que se fixo constar a colaboración das administracións públicas asinantes en tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actuación obxecto deste convenio.
 - g) Que destina o ben durante 10 anos á finalidade descrita no convenio.
 - Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deba ter solicitado a entidade beneficiaria, así como, de ser o caso, unha memoria xustificativa da elección cando non recaese na proposta económica máis vantaxosa.
 - Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, e xustificante de pago das mesmas
 - Copia do contrato.
 - Certificacións de obra.
 - Acta de recepción da obra
 - Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
 - Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social
 - Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

As administracións asinantes reservaranse o dereito a solicitar tanta documentación complementaria considere precisa en relación coa xustificación da subvención.



A xustificación comprenderá o custo total das actuacións executadas, de acordo coa última memoria económica autorizada, e non unicamente o importe da subvención concedida. No suposto de que as actuacións se financien tamén con fondos propios ou con outras subvencións, axudas ou recursos, deberá reflectirse expresamente na memoria económica, indicando o importe, a procedencia e a aplicación destes ás actuacións subvencionadas.

A xustificación da subvención realizarase de forma diferenciada en función do exercicio de execución do gasto, de acordo cos seguintes prazos:

- Para os gastos executados no exercicio 2026: desde o día seguinte á data de sinatura do presente convenio ata o 15 de decembro de 2026.
- Para os gastos executados no exercicio 2027: desde o 16 de decembro de 2026 ata o 31 de outubro de 2027.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica ante as distintas administracións.

Os pagamentos efectuaranse de maneira que, en ningún caso, o importe conxunto dos pagamentos a conta e, de ser o caso, dos pagamentos anticipados, supere os límites establecidos no artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sétima. MODIFICACIÓN

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Oitava. FISCALIZACION E CONTROL

A entidade manterá a disposición das administracións asinantes ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como a Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.

Novena . COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria, na que estarán representadas cada unha das partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, constituirá o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no proxecto subvencionado a través do presente convenio.

A comisión estará conformada, cando menos, por dous representante de cada administración asinantes



e dous representantes da Sociedade protectora, designados por cada unha das persoas que representen ás partes asinantes, así como polos seus respectivos suplentes.

A comisión reunirase en sesión constitutiva nun prazo non superior a un mes desde a sinatura deste convenio. Así mesmo, reunirase tantas veces como o soliciten as partes para analizar o grao de cumprimento dos obxectivos fixados, propor a resolución dos conflitos específicos que puidesen exporse e realizar calquera outra actuación de coordinación que se estime precisa.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) En xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima. ENTRADA EN VIGOR E VIXENCIA DO CONVENIO

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

Décimo primeira.- Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

Non cabe a modificación do convenio que implique alteración das obrigas esenciais asumidas polas partes. Calquera outra se adoptará, en todo caso, por mutuo acordo das partes e reflectirase na correspondente addenda.

Non en tanto, o anterior, se circunstancias sobrevidas non previstas inicialmente levasen a necesidade de acordar unha modificación substancial do convenio, requirirá da tramitación do correspondente



expediente administrativo, debendo reunir os mesmos requisitos esixidos na tramitación do expediente inicial, sen que poida prexudicar os dereitos de terceiros recoñecidos con anterioridade á modificación.

Décimo segunda. EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte que non cumpra un requirimento para que o execute nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de seguimento do convenio, acordarán a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décimo terceira. AUSENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre as partes, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha ás Administracións asinantes, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou vixencia do mesmo.

Décimo cuarta. PUBLICIDADE DO CONVENIO, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

A Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo incorporará os "logotipos" institucionais das entidades asinantes nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio.

As entidades autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir - en galego- polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.



A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

As partes comprométense a facer constar a colaboración e a participación da outra en toda a publicidade que se elabore en relación co obxecto deste convenio, calquera que sexa o medio de difusión.

Igualmente, outorgarán o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e o bo goberno.

A Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo deberá subministrar toda a información necesaria para que as Administracións asinantes poidan dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada Lei.

Décimo quinta. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS E INTEROPERABILIDADE

As partes asinantes garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste convenio e de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e pola que se derroga a Directiva 95/46/CE, na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como o resto da lexislación vixente nesta materia, as partes comprométense a gardar a máis estricta confidencialidade respecto de calquera información, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que podan utilizalos para usos diferentes aos previstos o mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da



normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán incluso despois de finalizar a relación entre as partes.

Así mesmo, as partes asinantes cumprirán coa regulación contida no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, que ten por obxecto regular os principios básicos e requisitos mínimos necesarios para unha protección adecuada da información tratada e os servizos prestados polas entidades do seu ámbito de aplicación, con obxecto de asegurar o acceso, a confidencialidade, a integridade, a rastrexabilidade, a autenticidade, a dispoñibilidade e a conservación dos datos, a información e os servizos utilizados por medios electrónicos que xestionen no exercicio das súas competencias.

Décimo sexta. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicos son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos.

Décimo sétima. REINTEGRO E INCUMPRIMENTOS

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, así como a esixencia do xuros de demora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención, nos supostos e nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na normativa que resulte de aplicación.

En particular, serán causas de reintegro o incumprimento total ou parcial do obxecto do convenio, a falta de xustificación ou a xustificación insuficiente, o incumprimento das obrigas de publicidade, así como a resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control.

O procedemento de reintegro tramitarase de conformidade co previsto na normativa de subvencións aplicable.

Décimo oitava. NATUREZA XURÍDICA DO CONVENIO E XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e está suxeito á regulación dos convenios establecida nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local sen que a súa formalización altere a natureza subvencional da achega.

A concesión directa da subvención realízase ao abeiro do disposto nos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao concorrer razóns debidamente xustificadas de interese



público, social e ambiental que dificultan a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, sendo de aplicación con carácter supletorio o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en todo aquilo que non se opoña á normativa autonómica.

O presente convenio queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, de conformidade co disposto no seu artigo 6, sen prexuízo da aplicación dos principios desa lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, consonte o previsto no seu artigo 4.

Para todo o non previsto neste convenio resultará de aplicación, ademais da normativa de subvencións anteriormente citada, o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non se opoña á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

A Administración autonómica gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do presente convenio.

Todas as cuestións que se susciten en relación co outorgamento da subvención, o cumprimento das obrigas inherentes á condición de entidade beneficiaria, a xustificación e o pagamento do importe da subvención, así como o reintegro e a determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola Comisión de Seguimento.

Así mesmo, as cuestións litixiosas que poidan xurdir en relación coa interpretación, modificación, efectos ou resolución do presente convenio serán resoltas pola Deputación Provincial de Lugo, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra estes acordos poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, nos termos previstos no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes se o acto fose expreso. Se o acto non fose expreso, o recurso poderá interpoñerse en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Alternativamente, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante os órganos da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso, ou no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio electronicamente, tomándose como data de sinatura a do último asinante.

O Deputado Delegado da Área de Formación, Ensino, e Economía do Coñecemento da Deputación Provincial, Miguel Ángel Fernández Méndez,



A alcaldesa-presidenta de Lugo, Maria Elena Candia López.

A Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez Mejuto.

O representante legal de SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO, Juan Alberto Losada Díaz

ANEXO I. DETALLE DAS OBRAS A FINANCIAR SEGUNDO O PROXECTO BÁSICO QUE OBTIVO LICENZA

CAPÍTULO	NOMBRE CAPÍTULO	IMPORTE PROYECTO
1	MOVIMIENTO DE TIERRAS	4.007,17 €
2	DEMOLICIONES	5.894,80 €
3	CIMENTACIÓN	33.960,59 €
4	SANEAMIENTO	16.255,09 €
5	ESTRUCTURA	56.269,81 €
6	ALBAÑILERÍA	126.391,95 €
7	SOLADOS Y ALICATADOS	58.323,79 €
8	CUBIERTAS	18.200,81 €
9	CARPINTERÍA INTERIOR	32.011,32 €
10	CARPINTERÍA EXTERIOR	46.285,65 €
11	PINTURAS Y BARNICES	18.097,54 €
12	URBANIZACIÓN EXTERIOR	11.321,93 €
13	INSTALACIÓN DE FONTANERÍA	8.324,92 €
14	INSTALACIÓN ELÉCTRICA	9.756,98 €
15	INSTALACIONES ESPECIALES	33.620,60 €
16	INSTALACIÓN DE CALEFACCIÓN	22.017,01 €
17	GESTIÓN DE RESIDUOS	8.013,02 €
18	CONTROL DE CALIDAD	2.750,81 €
19	SEGURIDAD Y SALUD	5.501,61 €

Presupuesto de ejecución Material:	517.005,41 €
13% Gastos Generales:	67.210,70 €
6% Beneficio Industrial:	31.020,32 €
TOTAL:	615.236,44 €
21% I.V.A.:	129.199,65 €

PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN DE CONTRATA:	744.436,09 €
--	---------------------

